



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfnos: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baldo - O Pino  
32001 OURENSE



PREMIO R.G.D. A LA PREVENCIÓN DE  
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE  
GALEGO



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Comunicado nº 040/10  
25 de marzo de 2010

## □ ÁMBITO COMPETENCIAL DE GALICIA EN MATERIA DEPORTIVA.

Para público coñecemento, e ante a publicación dunha nota informativa que pode dar lugar a confusións, a Asesoría Xurídica da Federación Galega de Automobilismo informa:

1.- En dita nota pódese comprobar que a Lei 10/1990, é anterior a transferencia das competencias a Galicia, no eido da **competencia exclusiva** en materia deportiva, de conformidade co disposto polo artigo 27.22 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei Orgánica número 1/1981, de 6 de abril, que prima e non pode ser contradita, polo tanto, por ningún estatuto de ningunha Federación Deportiva foránea. Sen ir mais lonxe, por unha simple cuestión de xerarquía normativa.

Sen embargo, as potestades da RFEA necesariamente han de compaxinarse coas competencias propias das Federacións Autonómicas, neste caso coas propias da F.G.A., non podendo negalas, ignoralas nin infrinxilas.

Partindo do disposto polo mencionado Estatuto de Galicia, a actividade deportiva en Galicia encóntrase regulamentada pola Lei propia, nº 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, dictada dentro do ámbito recoñecido na Constitución e no Estatuto; derivándose dela a **competencia exclusiva da Comunidade**, en canto ó feito deportivo, na súa totalidade, dentro do seu ámbito territorial (artigo 1).

No seu desenvolvemento, e como tal **competencia exclusiva**, a Lei determina cales son as facultades concretas das restantes entidades e administracións públicas en materia deportiva.

E así, polo que respecta ás Federacións Deportivas, o artigo 29 da Lei do Deporte Galego esixe que as federacións españolas estean representadas polas federacións deportivas galegas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, ó obxecto de obter o recoñecemento, apoio e proteccións das autoridades e organismos públicos en Galicia, o que implica a necesidade de que as probas que se desenvolvan nesta Comunidade se realicen a través da respectiva federación autonómica, e non a marxe destas.

Outra interpretación levaría, non só á posible invasión do ámbito competencial atribuído ás distintas Comunidades Autónomas, senón a posibilidade de chegar, por está vía, a declarar de ámbito estatal a totalidade ou a meirande parte das probas ou, en definitiva, todas cantas se quixera, ou interesara, das que se desenvolvan no seu ámbito territorial, postura esta coa que resulta indubitado que se deixaría sen contido práctico tanto á propia Administración Deportiva, como ás federacións autonómicas.

En tal interpretación aínda abonda o artigo 32f) da Lei Xeral do Deporte de Galicia, que ó describir as funcións das federacións deportivas galegas, lles asigna, como **competencia exclusiva** na súa respectiva modalidade deportiva, a de *“organizar e dirixir as competencias de carácter oficial que se desenvolvan no seu ámbito territorial, de acordo coas normas e regulamentos autonómicos, nacionais, e internacionais que sexan de aplicación, así como expedir, a estes efectos, as correspondentes licencias deportivas.”*

Para iso, os deportistas federados deben dispoñer da licenza federativa outorgada pola correspondente federación deportiva galega -artigo 16-; licenza que ten que ser operativa nas competicións oficiais que se desenvolvan no seu ámbito territorial, como ben se coída de recoñecer o propio artigo 100 dos estatutos da RFEA, antes referido.

Como xa se razoara na resolución do CGXD, dictada no Recurso nº 50/2008, tamén citada no Recurso 01/09, *“(…) foi obxecto de debate e aprobación, na reunión da Asemblea Xeral Ordinaria da F.G.A. celebrada o 13 de xaneiro de 2007 a “implantación licenza autonómica en todas as probas a celebrar na Comunidade Autónoma de Galicia”, e, segundo consta no acta de dita Asemblea Xeral, “después de breve debate se aprueba por unanimidad”. Polo que igualmente, ó tratarse dun acordo federativo, aprobado polo seu máximo órgano decisorio, ten carácter obrigatorio e vinculante para os federados, xa sexan asociacións deportivas, ou os seus representantes”.*

2.- O Real Decreto 1835/1991, e un regulamento que desenrola a Lei 10/1990, e por conseguinte coas mesmas limitacións.

3.- A citada nota informativa non obriga a Galicia, o posuír a Xunta de Galicia a transferencia competencial, en materia deportiva, **en exclusiva**, polo que non é de aplicación, e o que mais grave é pretender ignorar as resolucións do “Comité Galego de Xustiza Deportiva”, e as súas resolucións, que son firmes, e de obrigado cumprimento.